

A xornada celébrase no marco da Capitalidade Gastronómica

**PROFESIONAIS DA SAÚDE DEBATEN OS RETOS NA
PREVENCIÓN DA OBESIDADE INFANTIL NO IV
ENCANTRO DA ESCOLA DE ALIMENTACIÓN FUNDACIÓN
EROSKI**

- **O Alcalde de Vitoria-Gasteiz, o viceconselleiro de Saúde do Goberno Vasco e o Presidente de EROSKI inauguraron a xornada**
- **O director científico do *Estudo EROSKI sobre Hábitos Alimentarios e Estado Nutricional da Poboación Española*, o Dr. Aranceta, presentou os datos preliminares da primeira vaga de enquisas a máis de 1.700 persoas que, entre outras cuestións, revelan que só o 11% da poboación española incorpora cambios na súa dieta como consecuencia de problemas de saúde**
- **O Dr. Ignacio Díez, responsable da Unidade de Endocrinoloxía Infantil do H.U. Txagorritxu, apuntou que *"a obesidade infantil require dunha abordaxe global dende o eido social, sanitario, educativo, normativo e tamén por parte da industria alimentaria"***

Vitoria-Gasteiz, 10 de decembro do 2014.- Artium Centro-Museo de Arte Contemporáneo de Vitoria-Gasteiz acolleu hoxe a celebración do *IV Encontro Escola de Alimentación da Fundación EROSKI. Comer san, medrar fortes. Retos na prevención da obesidade infantil*, que nesta edición se organizou na capital alavesa co gallo da celebración da Capitalidade Gastronómica 2014. O acto inaugural contou coa presenza e intervención do Alcalde de Vitoria-Gasteiz, Javier Maroto, do viceconselleiro de Saúde do Goberno Vasco, Guillermo Viñegra e mais do Presidente de EROSKI, Agustín Markaide, quen logo de lles agradecer aos profesionais da Saúde e Nutrición, Psicoloxía e Educación a súa presenza e interese no encontro, reafirmou *"o firme propósito de colaboración e apoio aos proxectos en fomento da saúde de EROSKI. Unha contribución activa á difusión e educación social sobre hábitos saudables intrínseca ao noso modelo cooperativo e na que EROSKI ostenta un liderado no seu sector con iniciativas pioneiras en España para fomentar o coñecemento, a concienciación e a educación"*.

O encontro tivo como obxectivo a abordaxe, a análise e o debate dun problema de saúde pública que cobra, cada vez máis, un papel fundamental nas políticas de prevención e tratamento en saúde, a obesidade infantil. Da man de expertos en saúde pública, endocrinólogos, pediatras e psicólogos infantís propuxéronse os retos en prevención da obesidade infantil a nivel nacional.

O Dr. Ignacio Díez, Responsable da Unidade de Endocrinoloxía Infantil do Servizo de Pediatría do Hospital Universitario Araba-sede Txagorritxu de Vitoria-Gasteiz e Profesor

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DO NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es

Nota de prensa

asociado de Pediatría da Universidade do País Vasco (UPV/EHU), lembrou durante o seu relatorio "Entendendo o problema da obesidade infantil. Claves para a súa abordaxe" que os últimos datos sobre obesidade e sobrepeso en menores amosan que a súa incidencia segue a ser perigosamente elevada en España e en niveis moi próximos aos de Estados Unidos. Ademais, tal e como indicou o Dr. Díez, *"algúns estudos sitúan a España como líder europeo en obesidade infantil"*. Tamén detallou que *"a obesidade durante a infancia pode deixar secuelas difíciles de reverter e aumenta o risco dunha variedade de situacións adversas para a saúde como a diabeite tipo 2, apnea obstrutiva do sono, hipertensión, dislipidemia, síndrome metabólica, problemas cardiovasculares e mesmo cancro, amais de problemas para o desenvolvemento de relacións sociais"*.

Ao rematar a súa intervención o Dr. Díez apuntou que a obesidade infantil require dunha abordaxe global co desenvolvemento de estratexias conxuntas dentro do eido social, sanitario, educativo, normativo e por parte da industria, para darlle unha resposta eficaz ao problema xa estipulada, como pandemia mundial.

Radiografía do estado nutricional da poboación española

A segunda intervención da xornada foi a cargo do Dr. Javier Aranceta, Doutor en Medicina, MD e en Nutrición, PhD, Director Médico da Fundación para a Investigación Nutricional, FIN, quen presentou os resultados preliminares do *Estudo EROSKI sobre Hábitos Alimentarios e Estado Nutricional da Poboación Española promovido pola Fundación EROSKI*. Segundo indicou o Dr. Aranceta, Director Científico do Estudo, o seu obxectivo é *"coñecer o estado nutricional da poboación española a través da avaliación dos hábitos alimentarios, o estado ponderal e os factores que os determinan para a posta en marcha de estratexias dirixidas a acadar un óptimo estado nutricional da poboación"*. Un estudo ambicioso e pioneiro en España por ser o máis completo que xa está en marcha, sobre un total de 6.800 persoas de todas as idades en toda España. Os seus resultados, tal e como comentou o doutor, van servir para *"planificar actuacións para impulsar unha alimentación equilibrada e estilos de vida saudables"*.

O Dr. Aranceta adiantou algúns dos datos preliminares do Estudo EROSKI revelados na primeira vaga de enquisas realizadas a 1.700 persoas e que reflicten *"que só un 10,9% dos enquisados afirma incorporar cambios na súa dieta habitual como consecuencia de problemas crónicos de saúde"*. Tamén explicou que esta primeira fase da investigación revela que *"a maioría dos enquisados realiza as tres comidas principais do día, malia a que os principais expertos en Nutrición recomenden a inxestión de 5 comidas ao día"*.

Pola súa parte o Dr. Enrique Arranz, Catedrático de Psicoloxía da Familia, Dpto. Procesos Psicolóxicos Básicos e o seu Desenvolvemento da Facultade de Psicoloxía da Universidade do País Vasco (UPV/EHU), achegoulles aos asistentes durante a súa intervención, "Contexto familiar e desenvolvemento de hábitos de alimentación", os resultados dunha investigación que amosa a asociación entre variables do contexto familiar e o desenvolvemento de hábitos de alimentación en nenos/as e adolescentes.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DO NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es

Nota de prensa

Ademais o doutor salientou a importancia das competencias que deben adquirir os pais para lograr un desenvolvemento axeitado da conduta alimentaria.

A xornada contou ademais cunha mesa redonda de abordaxe multidisciplinar da pandemia baixo o nome de "Prevención da obesidade infantil: unha ollada multidisciplinar para afrontar os retos de futuro" na que, amais dos expertos devanditos, participou o Subdirector da Dirección de Saúde Pública e Adiccións do Goberno Vasco, Jon Zuazagoitia. Durante a súa intervención, explicou as medidas e iniciativas que o Executivo vasco está a impulsar para afrontar o problema da obesidade infantil, tales como o proxecto *Mugiment* para a promoción da actividade física, a estratexia de saúde alimentaria 2015 e mais os acordos entre os departamentos de saúde e educación para o desenvolvemento de campañas de promoción alimentaria, educación nutricional ou promoción do deporte en escolas infantís e centros escolares.

Para rematar a xornada, o Director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez, achegou co seu relatorio "Escola de Alimentación EROSKI: últimos avances na promoción de hábitos saudables" os obxectivos, iniciativas e proxectos en marcha, insistindo en que *"a Escola de Alimentación promovida por Fundación EROSKI persegue fomentar a práctica dunha alimentación equilibrada xunto a estilos de vida saudables"*. Actualmente impulsa o programa PEAHS de educación alimentaria e nutricional en escolares de 4º e 5º de primaria, con sesións lectivas en escolas e obradoiros prácticos nos que participaron ata a data case 19.000 alumnos dun total de 288 centros escolares de España.

O Tenente Alcalde do Concello de Vitoria, Miguel Garnica, e o Director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa, clausurarán o encontro esta tarde.

Para máis información sobre o IV Encontro Escola de Alimentación EROSKI

Nieves Herranz: nieves.herranz-garcia@sprim.com

Laura Sanz: laura.sanz@sprim.com

Tel: 91 577 90 65

Para máis información sobre EROSKI e Fundación EROSKI

Ziortza Beristain: zberistain@consejerosdelnorte.com

Eduarne Izquierdo: eizquierdo@consejerosdelnorte.com

Tel: 944 158 642

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DO NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)

www.consumer.es